

A Xerencia, para cando a solución?

Desde hai tempo vimos denunciando a situación de precariedade da xerencia. Desde xuño do ano pasado coa dimisión do xerente, e a pesar de que en Consellos de Goberno e en reunións coa propia xerencia se reclamou unha rápida actuación, o equipo reitoral non fixo nada. O deterioro por incapacidade (é imposible acometer a tarefa do servizo cos efectivos cos que conta) foi incrementándose ata se converter nunha situación inaceptable.

Un paradigma da situación, no que ao persoal laboral se refire e polo que nós coñecemos, é a convocatoria de Técnicos Especialistas en Informática, que foi ao BOE máis de unha vez por sucesivas devolucións debidas a problemas de redacción. Por iso o retraso da súa publicación.

Así as cousas, pese a que existen convocatorias de concurso-oposición publicadas desde hai meses, a día de hoxe os procesos están paralizados, sendo ademais unha mínima parte fronte ás que están por negociar e publicar. O acordo polo que se nos remitirían varias propostas de convocatoria mensuais non se cumpre. Os cursos xa pactados non se convocan, ...

Nunha das últimas reunións do Consello de Goberno o Reitor dixo que non era verdade que en Xerencia só houbera unha persoa. A verdade é que nós só vemos a unha, inmersa en cantas comisións poidan afectar ao seu servizo, supoñemos que por non ter en quen delegar, o que complica aínda máis a resolución dos asuntos que a xerencia ten enriba da mesa.

Chegados a este punto a situación convértese, para nós, en insostible. Non podemos esperar máis.

Esiximos unha acción inmediata do equipo reitoral no senso de reforzar a Xerencia, primeiro estabilizándoa, é dicir facendo os nomeamentos necesarios para que o servizo poida funcionar, e segundo dando as “instrucións” necesarias, a quen corresponda, para que as cousas se fagan.

En canto a RPT temos un compromiso, adquirido coa xerencia, de confidencialidade mentres o proxecto non estea realmente elaborado. A pesar diso debemos sinalar que:

- Aínda que estamos nunha fase avanzada da negociación, xa se incumpre o compromiso acordado: **a RPT non vai estar lista no primeiro trimestre.**
- A situación complícase outra vez por causas alleas ao Comité (e neste caso tamén é posible que alleas á Xerencia). Estivemos semanas agardando a proposta do Servizo de informática e, logo de analizala coa Xerencia, agora levamos tempo agardando unha reunión co adxunto á Vicerreitoría para aclarar aspectos da proposta. Reunión á que o adxunto non da posto data, coa conseguinte demora na conclusión da negociación.

Se desde o goberno da Universidade non se actúa, tocaranos ao PAS mover ficha.